

A LIÑA DOS CAMBIOS

O obxectivo desta actividade é crear unha liña do tempo visual que recolla e represente os feitos históricos máis importantes comprendidos entre o reinado de Isabel II e a Restauración. A través desta tarefa, búscase comprender e conectar os principais acontecementos políticos, sociais e culturais deste período.

Instrucións:

- A actividade será realizada **de forma individual**.
- Debes seleccionar os feitos máis relevantes e representalos **en orde cronolóxica**.
- A presentación debe ser **visual, clara e creativa**. Podes incluír debuxos, imaxes, símbolos, mapas, citas ou breves explicacións.

Formatos posibles para a presentación:

Poderás elixir o formato que prefiras entre os seguintes:

- **Lapbook**.
- **Formato dixital** (presentación en PowerPoint, Canva, Genially, etc.).
- **En papel**, utilizando cartolina ou papel continuo.
- **Calquera outro soporte creativo** que permita visualizar claramente a evolución cronolóxica dos feitos.

Criterios de avaliación:

- Corrección e orde **cronolóxica** dos feitos históricos.
- **Claridade e organización** da información.
- Nivel de **creatividade** e coidado na presentación.
- Capacidade de **relacionar e contextualizar** os acontecementos.



“A liña dos cambios”, do proxecto *cREAgal*, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](#)